



# AGEFEC

Asociación Galega de Enfermería  
Familiar e Comunitaria

## III XORNADA DE RESIDENTES DA ASOCIACIÓN GALEGA DE ENFERMARÍA FAMILIAR E COMUNITARIA

### **NORMATIVA PARA A PRESENTACIÓN DE COMUNICACIÓNS CIENTÍFICAS**

Recoméndase aos/ás autores ler atentamente a Normativa e seguir as instrucións que se detallan, antes de redactar o resumo e/ou traballo completo.

O resumo e/ou traballo completo que non cumpra os criterios requiridos non será admitido na Xornada de Residentes.

#### NORMAS XERAIS:

- 1- Poderán presentarse traballos orixinais aínda que se teñan publicado en revistas, congresos ou noutras xornadas, coa excepción daqueles que desexen optar a premio; neste caso só se admitirán os orixinais que non se teñan publicado con anterioridade.
- 2- As Comunicacóns (resumo e/ou texto completo) serán enviadas a [comitecientificoresidentes@agefec.org](mailto:comitecientificoresidentes@agefec.org). Unha vez enviadas, consideraranse definitivas e, polo tanto, non se permitirán modificacións posteriormente.
- 3- O autor ou autora responsabilízase do contido do traballo e, polo menos, un dos asinantes deberá estar inscrito na Xornada de Residentes.
- 4- Todos os traballos presentados deberán estar enmarcados dentro do contexto e papel da Enfermería de Atención Primaria e Comunitaria.
- 5- As Comunicacóns serán avaliadas polo Comité Científico e a súa decisión non poderá ser obxecto de apelación ou reclamación.
- 6- A resolución será notificada á persoa que remita a Comunicación por correo electrónico.
- 7- Todas os traballos poderán optar a Premio, debendo asegurarse de que cumpre os requisitos establecidos.
- 8- Os/as autores ao presentar os seus traballos, entenden que iso implica a aceptación das normas establecidas polo Comité Organizador e/ou polo Comité Científico.



# AGEFEC

Asociación Galega de Enfermería  
Familiar e Comunitaria

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN DOS TRABALLOS:

Na primeira etapa, que será antes da Xornada, avaliaranse os resumos presentados, sendo determinantes para a admisión do traballo os seguintes criterios de avaliación:

- **Estrutura:** Está ben estruturado seguindo as normas da Xornada.
- **Enfoque:** Coherencia entre título, metodoloxía e conclusións. Boa orientación e ben dirixido cara os resultados.
- **Orixinalidade e aplicabilidade:** O traballo é orixinal e aporta coñecementos novos e aplicables á práctica.
  
- **Relevancia:** O traballo deberá ser relevante no marco da Enfermería de Atención Primaria e Comunitaria, ter relevancia para o paciente e para a sociedade.
- **Introdución:** Descríbense de xeito claro os antecedentes da temática. Razóase a intencionalidade do traballo e a súa aplicabilidade.
- **Obxectivo:** Está claramente definido. Describe as condicións baixo as cales se debería cumprir.
- **Métodos:** Son axeitados para acadar o obxectivo que se propón.
- **Resultados:** Nivel de concordancia entre os resultados e os obxectivos.
- **Discusión e Conclusións:** Deberán ser coherentes cos resultados.
- **Bibliografía:** Axústase ao recomendado na normativa xeral das Xornadas.
- **Avaliación da presentación** durante a Xornada: Avaliarase a defensa oral.

## PREMIOS

Outorgaranse os seguintes premios:

- 1º PREMIO: diploma acreditativo e inscrición cursos de formación continuada



# AGEFEC

Asociación Galega de Enfermaría  
Familiar e Comunitaria

## PRESENTACIÓN DE RESUMOS

### DATAS DE ENVÍO

Deberán ser enviados mediante correo electrónico [comitecientificoresidentes@agefec.org](mailto:comitecientificoresidentes@agefec.org) dispoñible.

- A data límite para presentar os resumos será o **15 de Maio de 2019**.
- A data límite para comunicar a aceptación ou rexeitamento, por parte do Comité Científico, será o **20 de Maio de 2019**.

Unha vez aceptado o resumo para a súa presentación na xornada, os autores deberán enviar o texto completo do traballo para a súa avaliación.

- A data límite para remitir os traballos completos será o **25 de Maio de 2019**.

### FORMATO

Os resumos deberán respectar o seguinte formato de presentación:

- Non poderán superar os 3.000 caracteres incluídos os espazos (excluíndo título, autores e a bibliografía).
- O título deberá ir en maiúsculas, sen abreviaturas, en negriña. O número máximo de palabras será de 15 (non debe superar as dúas liñas). O tipo de letra recomendado é o formato Arial 12 con interliñado 1,5.
- Os autores, residente (e tutor/a de ser o caso) irán identificados/as con dous apelidos seguidos do nome (exemplo: Pérez Martínez, José, Fernández González, María).

Mediante superíndices, indicárase a categoría profesional e lugar de traballo. A persoa que presente a Comunicación identificarase como relator/a e deberá incluír un teléfono e enderezo electrónico de contacto.

## ESTRUTURA

Os traballos presentados deberán respectar a seguinte estrutura:



# AGEFEC

Asociación Galega de Enfermería  
Familiar e Comunitaria

- Introducción.
- Obxectivos.
- Métodos.
- Resultados.
- Discusión/conclusións.
- Bibliografía (estilo Vancouver).

## Proxecto:

- Antecedentes e estado actual do tema
- Aplicabilidade
- Obxectivos
- Metodoloxía
- Plan de traballo
- Aspectos éticos
- Plan de difusión dos resultados
- Financiamento da investigación

## PRESENTACIÓN DE COMUNICACIÓNS

Os textos completos deberán ser enviados mediante o correo electrónico de presentación de comunicacións, **antes do 25 de Maio de 2019**.

Aínda que se aceptara o resumo, se o texto completo non respecta o regulamento de confección, o traballo será rexeitado.

O Comité científico indicará ao/á autor/a, mediante correo electrónico a hora da presentación, así como a duración para a defensa da comunicación.

## FORMATO COMUNICACIÓN

- O idioma para os traballos poderá ser Galego ou Castelán e deberán remitirse en formato tipo Word ou OpenOffice.
- A estrutura será a mesma que se recomenda para os resumos.
- Os traballos completos, deberán axustarse ao formato de artigo científico (máximo 4.500 palabras).
- O tipo de letra recomendado é o formato Arial 12 con interliñado 1,5.



# AGEFEC

Asociación Galega de Enfermaría  
Familiar e Comunitaria

- Ao incluír as referencias bibliográficas debe usarse o formato normalizado estilo Vancouver.
- O sistema de apoio para a visualización das Comunicacions será o formato de Power-Point ou Open-Office.
- A primeira diapositiva deberá incluír o título e autoría da Comunicación.
- O/a autor/a deberá ter entregada a súa presentación audiovisual antes do comezo das Xornadas. O envío efectuarase a través do correo da Xornada ([comitecientificoresidentes@agefec.org](mailto:comitecientificoresidentes@agefec.org)).